

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE TOMIÑO DUN TREITO INTERMEDIO DA ESTRADA PO-552 DE 1.030 METROS DE LONXITUDE, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV)

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Sandra González Álvarez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Tomiño, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Tomiño solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade dun treito da estrada PO-552, que discorre pola parroquia de Goián (tramo entre a avenida Ordoñez (p.q. 56+690) e a glorieta da PO-553 (p.q. 57+740)). Este treito carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG), polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 107/2025, do 11 de novembro, (DOG núm. 229 do mércores 26 de novembro de 2025), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Tomiño dun treito intermedio da estrada PO-552 de 1.030 metros de lonxitude, xunto co seu dominio público viario (DPV).



De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 107/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Tomiño dun treito intermedio da estrada PO-552, xunto co seu dominio público viario, conforme os seguintes datos:

Estrada	Treito	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29)	Lonx. (m)	DPV (m²)
PO-552	Goián (Avda. Ordóñez) - Rotonda CG-4.2/PO-552	p.q. 56+680 (Int. Avda. Ordóñez)	X = 518.596 y = 4.643.949	p.q. 57+710 (Rotonda PO-553)	x = 519.304 y = 4.644.667	1.029	20.112


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

A alcaldesa do Concello de Tomiño, Sandra González Álvarez

ANEXO I . PLANOS





518.600

518.700

Nº	Treito transferencia	Lonx.(m)
1	Treito PO-552: Intersec. av. Ordóñez (Pk 56+680) - Rotonda (CG-4.2 / PO-553) (Pk 57+710)	1.029

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio Pk 56+680	518.596	4.643.949
Final Pk 57+710	519.304	4.644.667

Nº	Superficie DPV transferencia	Área (m2)
1	DPV Pks 56+680 a 57+710 PO-552	20.112

4.644.000

4.644.000

4.643.900

4.643.900

Transferencia a prol do Concello de Tomiño dun treito intermedio da PO-552 (Pks 56+680 ao 57+710), xunto co seu DPV correspondente.

- Puntos quilométricos a considerar na transferencia
- Eixo viario autonómico obxecto da transferencia ao Concello
- Superficie do DPV obxecto da transferencia ao Concello (deslinde orientativo)
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico
- Liña de expropiación segundo dixitalización DPV (GA/21/074.09)

1:1.000

518.600

518.700



519.300

Nº	Treito transferencia	Lonx.(m)
1	Treito PO-552: Intersec. av. Ordóñez (Pk 56+680) - Rotonda (CG-4.2 / PO-553) (Pk 57+710)	1.029

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio Pk 56+680	518.596	4.643.949
Final Pk 57+710	519.304	4.644.667

Nº	Superficie DPV transferencia	Área (m2)
1	DPV Pks 56+680 a 57+710 PO-552	20.112

4.644.700

4.644.600

4.644.700

4.644.600

Transferencia a prol do Concello de Tomiño dun treito intermedio da PO-552 (Pks 56+680 ao 57+710), xunto co seu DPV correspondente.

- Puntos quilométricos a considerar na transferencia
- Eixo viario autonómico obxecto da transferencia ao Concello
- Superficie do DPV obxecto da transferencia ao Concello (deslinde orientativo)
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico
- Liña de expropiación segundo dixitalización DPV (GA/21/074.09)

1:1.000

519.300



